CA1.4 - Coñecer a organización, os procedementos e os elementos da linguaxe musical e dancística que nos permiten analizar e encadrar unha obra artística ou un fragmento no contexto cultural e histórico ao que pertence, utilizando ferramentas dixitais de recepción e de procura fidedigna de información.	Analizar e investigar sobre os elementos da linguaxe musical e o contexto histórico ao que pertencen, as obras ou fragmentos das unidades do curso, usando as ferramentas dixitais.	PE	30
CA1.3 - Valorar os efectos que provoca a polución sonora e o consumo indiscriminado de música, analizando os contextos nos que se producen e a súa incidencia nos hábitos saudables de escoita.	Valorar os hábitos saudables de escoita		
CA2.3 - Ler partituras sinxelas, identificando os elementos básicos da linguaxe musical e analizando de forma guiada as estruturas das pezas, con ou sen apoio da audición.	Ler rítmica e melódicamente as partituras traballadas no curso, aplicando con corrección as células rítmicas, compases, escalas, matices, etc., impartidos en cada unidade.	TI	70
CA2.5 - Interpretar con corrección e expresividade un repertorio de pezas musicais e dancísticas, individuais e grupais, de diferentes xéneros e estilos, dentro e fóra da aula, xestionando a ansiedade e o medo escénico e mantendo a concentración.	Interpretar con corrección e expresividade, vocal ou instrumentalmente, as partituras traballadas ao longo do curso, tanto na voz de melodía como de acompañamento en formación vocal ou orquestral		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- O silencio, o son, o ruído e a escoita activa. Sensibilización e actitude crítica ante a polución sonora e o consumo indiscriminado de música.
- Uso práctico a través da análise dos elementos da linguaxe musical nas obras traballadas: parámetros do son, harmonía, textura, forma.
- A partitura: lectura rítmica e melódica. A escritura musical.
- Coñecemento práctico dos elementos da linguaxe musical como instrumento efectivo nas actividades de creación e interpretación: signos convencionais de representación dos parámetros do son (altura, intensidade e duración).
- Tonalidade: modulación, intervalos, acordes, funcións harmónicas, progresións harmónicas, cadencias. Escalas modais.
- Texturas musicais. Formas musicais simples e complexas. Agónica e dinámica.
- Recursos para a creación e gravación de produtos musicais e audiovisuais. Ferramentas dixitais para a creación musical. Secuenciadores, editores de partituras e aplicacións informáticas.

4.1. Concrecións metodolóxicas

Esta programación consta de once unidades didácticas arredor de diferentes centros de interese: o jazz, a música popular urbana, a música nos medios e producións audiovisuais, as músicas do mundo, a música en España e Galicia, a música nas artes escénicas. Non obstante, as dúas últimas unidades desta programación, aínda que figuran no 3º trimestre, están pensadas para ser aplicadas ao longo do curso nas diferentes unidades, xa que os coñecementos da linguaxe e das destrezas musicais interpretativas son acumulativos. O mesmo sucede coas dúas primeiras unidades, xa que os seus contidos son transversais na materia de música; polo tanto, a súa aplicación non ten por qué ser lineal no tempo. Por exemplo, á vez que traballamos a unidade sobre música popular urbana, podemos engadir contidos doutras unidades relativos á música e tecnoloxía, ou preparar ao alumnado para actuar en público.

Ademáis do anterior, as directrices metodolóxicas a seguir nesta programación son as seguintes:

- A asimilación dos distintos bloques de contidos partirá sempre da práctica para logo pasar á teorización. É dicir, a base desta programación é aprender facendo.
- A planificación do ensino ten sempre como base a vivir a experiencia da música a través da interpretación, da análise crítica, da creación e da escoita activa de distintas propostas artísticas.
- Os criterios de avaliación están directamente relacionados cos obxectivos propostos. Superar con éxito os criterios de avaliación amosa o grao de adquisición destes obxectivos por parte do alumnado.
- Diseñaránse diferentes situacións de aprendizaxe, que incluírán procedementos diversos para traballar os contidos e sempre partindo dunha visión global onde os novos coñecementos aprendidos completen e conecten cos coñecementos previos do alumnado. E teñan así mesmo en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe que coexisten no contexto da aula e a atención á diversidade, propoñendo sempre mecanismos de reforzo para as dificultades que se detecten.
- Terase en conta e farase destacable a través dos contidos transversais a importancia da relación entre a materia de Música e outras materias. Aínda que a priori a relación máis directa se dá con Educación Plástica, Visual e Audiovisual, por compartir competencias de índole artística, tamén é posible establecer relacións coas Matemáticas, por exemplo a través das proporcións do ritmo, da estrutura musical, das calidades físicas do son; coas linguas, a través da simbiose entre texto, idioma e melodía; coa Historia, para entender os contextos de creación das diferentes obras e expresións musicais universais, e coa Tecnoloxía, a través do manexo de diferentes ferramentas dixitais para escribir, manipular o son e compoñer etc.
- Promoverase nas distintas unidades o traballo en equipo e a capacidade emprendedora, dada a natureza grupal e creativa desta materia, realizando proxectos colaborativos entre o alumnado onde se poidan aplicar técnicas de reforzo da autoestima, da autonomía, da reflexión e da meditación sobre o grao de responsabilidade de cada un no conxunto do proxecto.
- Utilizaranse distintos tipos de actividades segundo a natureza das unidades: actividades introductorias ou de presentación dos contidos, para descubrir os coñecementos previos do alumnado, e actividades de motivación ou descubrimento, de desenvolvemento e consolidación, de avaliación, de reforzo e recuperación e de ampliación dos contidos nos casos que sexa necesario.

Por último, destacar os principios metodolóxicos nos que se basea esta programación, como son a práctica e a motivación, a interrelación entre contidos e materias, a aprendizaxe significativa e funcional, a creatividade, a atención personalizada, a actitude analítica e a socialización.

Neste curso 2023-24, voltamos á metodoloxía dos cursos anteriores á Covid19, onde todos os contidos explicados aplicábanse á práctica instrumental, utilizando todos os instrumentos presentes na aula (metalófonos, xilófonos, maracas, caixas chinesas, etc.), a frauta e a voz. O alumnado poderá traer os instrumentos que tocan fóra do ámbito escolar para interpretar as distintas partituras que se montan na aula, ademais de contar con material de percusión na aula.

Para a práctica instrumental podíanse utilizar varias vías:

- 1- partituras proporcionadas pola profesora, que poderían ser de música clásica, de música moderna, de música tradicional galega, ou de calqueira estilo musical.
- 2- composicións do alumnado, que realizarían previa explicación da estrutura, tonalidade, acordes, etc sobre as que terían que traballar en equipo.
- 3- partituras modernas sacadas de oído polo alumnado transcribindo a partitura para os distintos instrumentos que interpretaran dita partitura.
- 4- improvisacións libres partindo das emocións, tomando a música como medio de comunicación e expresión.

O alumnado precisará: unha libreta/folios pautada/os, unha libreta de folios brancos / folios brancos gardados nunha carpeta (para copiar os contidos nesta libreta e facer os esquemas de cada tema) xunto co ordenador Edixgal en 2º, 3º e 4º da ESO.

A metodoloxía consistirá en clases interactivas, baseadas na escoita activa nas que utilizaremos de apoio o material colgado en Edixgal, Power Points, pizarras ordinarias, instrumentos da aula, instrumentos propios, etc. Os apuntamentos serán facilitados polo profesorado a través da plataforma de Edixgal ademais dunha copia que se deixará en Conserxería para aquel alumnado que prefira mercar o material xa impreso. Todos estes contidos acompañaranse de audicións activas, visionados de vídeos exemplificativos dos contidos explicados previamente, explicación das partituras facilitadas polo profesorado para o exame práctico, a realización de traballos de investigación por parte do alumnado sobre temas propostos polo profesorado (realizando o profesorado un seguimento da investigación nas clases presenciais) e a súa posterior exposición na aula, etc. Así mesmo, poderán visionarse filmes relacionadas coa historia da música.

Os materiais necesarios para a materia de Música serán: libreta de folios brancos, ou follas brancas soltas e gardadas nunha carpeta, follas de pentagramas ou libretas de pentagramas, os instrumentos de percusión melódica e non melódica presentes na aula, unha frauta e acceso a Edixgal.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Instrumentos da aula: O departamento dispón da dotación da Consellería máis os instrumentos traidos do CPI Manuel Padín e os mercados polo departamento ao longo destes anos: 2 xilófonos e 2 metalófonos baixos, 4 xilófonos e 4 metalófonos altos, 6 xilófonos e 6 metalófonos soprano, 3 carillóns soprano e 3 carillóns altos, 2 pares de maracas, 4 pares de claves, 2 frautas de émbolo, 2 frautas doces, 2 triángulos, 2 caixas chinesas planas, 2 caixas chinesas redondas, 2 pares de crótalos, 1 coroa de cascabeis, 1 muñequeira de cascabel, 2 pandeiros de 25 cm., 1 aro de axóuxeres, 2 pandeiretas, 1 batería escolar e 1 piano eléctrico. Tamén hai 1 par de bongoes, 1 djembé, 1 banqueta para o piano, 7 atrás e 12 pares de baquetas
Aula virtual: EDIXGAL para toda a ESO
Materiais do Repositorio Abalar

Instrumentos habituais das dotacións de aula: Orff, pequena percusión, etc

Aula virtual: na ESO todos os cursos teñen Edixgal. No caso de 4º ESO, Edixgal é utilizado como Aula Virtual, na que se colgan os distintos Power Points explicativos, os apuntamentos e as tarefas de investigación por avaliación.

Material do Repositorio Abalar que se pode descargar e utilizar na Aula Virtual

Na aula de Música hai unha Biblioteca formada polos distintos libros de texto que deixan de mostra as editoriais e tamén hai varias enciclopedias sobre a Historia da Música na Biblioteca do instituto. Están tamén os apuntes da materia elaborados pola profesora. Dispón tamén dun encerado pautado para explicar os contidos, dun encerado branco, un corcho para colgar información, cadeiras, un ordenador, un canón e conexión a internet. A maiores, a profesora e Xefa do Departamento comparte co alumnado 2 guitarras da súa propiedade presentes na aula durante todo o curso escolar: unha delas é unha guitarra clásica e a outra é unha guitarra eléctrica Fender co seu amplificador.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A Avaliación inicial no 4º curso de ESO terá por obxecto averiguar os coñecementos musicais e dancísticos previos que aprendeu e lembra o alumnado dos cursos anteriores (2º e 3º).

Na primeira unidade, ademais de coñecer, analizar e reflexionar sobre a importancia do silencio na música e das consecuencias para a nosa saúde do uso indiscriminado e da contaminación sonora, faremos un repaso dos contidos de linguaxe musical, de lectura de partituras e de práctica instrumental e vocal. Con estas actividades comprobaremos as destrezas adquiridas en anteriores cursos.

1. Realizaranse exercicios en formación orquestral de interpretación melódica con acompañamento harmónico. Esta actividade será realizada por imitación. Utilizaremos para iso as placas, a pequena percusión ou obxectos de son, ou outro instrumento que consideremos idóneo. Con esta tarefa comprobaremos as destrezas motrices aplicadas á rítmica, á memoria harmónica e melódica, ao sentido do pulso ou á capacidade de escoita para adecuarse ao conxunto.

2. Realizaranse exercicios de lectura rítmica e melódica, e interpretación de pequenas partituras (4/8 compases). Con esta actividade avaliaremos o grao de interiorización rítmico-melódico e a capacidade de interpretación dos códigos da linguaxe musical. Para a interpretación usaranse os instrumentos de placas ou a frauta doce.

3. Proba escrita de análise de partitura (8 compases). O alumnado identificará e describirá todos os símbolos que reconece nela e realizará unha análise melódico-rítmica da mesma

4. Proba escrita de respostas breves dos contidos básicos da música en relación á linguaxe musical e á historia da música.

Con estas actividades de avaliación o alumnado informaranos sobre os coñecementos previos que posúe e o grao de asimilación. Para avaliar as actividades prácticas usaremos táboas de indicadores específicas con diferentes items que reflectan as capacidades psicomotrices, rítmicas, auditivas e interpretativas do alumnado. As probas prácticas daranos a información dos coñecementos teóricos do alumnado.

Outras cuestións como as destrezas no movemento e danza ou o manexo da tecnoloxía irémolas avaliando nas sucesivas unidades.

Á luz dos resultados da avaliación inicial decidiremos aplicar a programación tal e como foi deseñada ou realizar as correspondentes e necesarias adaptacións.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	20	5	5	4	20	4	4	4	4	15
Proba escrita	40	40	40	40	40	40	40	40	40	30

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
Peso UD/ Tipo Ins.	20	5	5	4	20	4	4	4	4	15
Táboa de indicadores	60	60	60	60	60	60	60	60	60	70

Unidade didáctica	UD 11	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	100
Proba escrita	30	37
Táboa de indicadores	70	63

Criterios de cualificación:

A avaliación na educación secundaria obrigatoria será, tal e como se recolle na Orde do 26 de maio de 2023, continua, formativa e integradora:

Continua: o profesorado debe ser coñecedor do progreso e das dificultades de aprendizaxe que presenta cada alumna e alumno durante todo o proceso educativo.

Formativa: o profesorado debe empregar a información sobre a evolución da aprendizaxe do alumnado para reorientar, axustar e mellorar o proceso de aprendizaxe adaptándoo as características persoais de cada alumna e alumno.

Integradora: o profesorado debe ter en conta como referentes últimos, desde todas e cada unha das materias ou ámbitos, a consecución dos obxectivos establecidos para a etapa e o grao de adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída. O carácter integrador da avaliación non impedirá que o profesorado realice, de xeito diferenciado, a avaliación de cada materia ou ámbito tendo en conta os criterios de avaliación establecidos nos seus currículo

Tal e como se recolle na Orde do 26 de maio de 2023 pola que se desenvolve o Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia e se regula a avaliación nesa etapa educativa, na ESO realizaranse tres avaliacións parciais e unha avaliación final (unha vez rematadas as clases)

Debido a que a materia é altamente procedimental os criterios de cualificación serán os seguintes:

1. **CONTIDOS TEÓRICOS:** puntuarase de 0 a 10 as actividades de avaliación dos contidos de cultura musical (jazz, mulleres ao longo da historia, utilización da música na imaxe, etc), da análise de partituras, das audicións comentadas e dos contidos teóricos da linguaxe musical, sendo logo un 50% da nota final.

O exame escrito contará con algunhas preguntas curtas e outras de redacción, explicación de contidos e de análise de audicións ou partituras. Farase un exame trimestral, puidendo nalgunhas unidades realizar exames parciais e facer a media entre todas as actividades de avaliación escritas do trimestre (a nota dos exames escritos será o 50% da nota final de avaliación). O exame teórico poderá ser adaptado segundo os casos de necesidades educativas especiais ou atención á diversidade presentes na aula.

2. **CONTIDOS PRÁCTICOS:** puntuarase de 0 a 10 as actividades de interpretación instrumental, vocal exercicios prácticos de lectura rítmica/melódica, traballo na aula e na casa, os traballos a presentar, etc sendo logo un 40% da nota final. A parte práctica avaliarase mediante a observación sistemática con táboa de indicadores ou rúbricas. En relación á interpretación instrumental hai que ter en conta os diferentes niveis do alumnado, polo que o profesorado facilitará no posible as medidas necesarias para aquel alumnado que o precise (dispoñibilidade horaria no recreo, adecuación das partituras ao nivel, etc.).

3. **TRABALLO DE INVESTIGACIÓN:** puntuarase de 0 a 10 e consistirá nun power point ou programa de diapositivas no que se reflicta o máis esencial sobre un tema a eleixir. O seu peso final é dun 10% (un 5% corresponde á realización e entrega do traballo e outro 5% á exposición oral na clase do traballo)

Na terceira avaliación, esta ponderación variará, quedando un 40% para os contidos prácticos, un 40% para o traballo

de investigación e un 20% para os contidos teóricos (o alumnado está informado dende a primeira sesión destes criterios de cualificación)

O aprobado da materia acádase cunha puntuación mínima de 5 (4,75). Cando a nota de cada avaliación ou final dea números con decimais, se estes están por debaixo de 0.75 tenderase a nota enteira inferior, e se están por enriba de 0.75 tenderase a nota enteira superior, por exemplo, se a media é de 7.3 a nota será 7; se a media é 7.75 a nota será 8.

A AVALIACIÓN FINAL será o resultado de aplicar a media aritmética entre as tres Avaliacións Parciais, elixindo as medias con decimais (non os números enteiros que van por defecto no Xade) No boletín de notas indícaranse as cualificacións das tres avaliacións parciais e tamén a da final. A cualificación da avaliación final atenderá aos criterios antes citados, podendo ser dita nota inferior, igual ou superior á nota obtida na 3ª parcial.

Criterios de recuperación:

PARA O ALUMNADO que acade unha cualificación inferior a 5 nalguna das tres avaliacións e a suma das tres avaliacións non lle dea para 15, realizaranse actividades de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados. Estas actividades poderán ser de dous tipos: por unha banda, actividades novas deseñadas para tal fin; o deseño destas actividades responderá aos contidos non superados e á metodoloxía aplicada e, por outra banda, actividades xa realizadas ao longo do curso con cualificación negativa ou non presentadas.

O PROCEDIMENTO de recuperación das avaliacións suspensas será levado a cabo no mes de xuño e constará nunha proba escrita cos contidos teóricos das avaliacións suspensas repasados nas actividades de apoio e reforzo. Por outra banda, se quere optar ao 10 na avaliación a recuperar, deberá repetir o exame práctico das cancións dese trimestre e o traballo de investigación, tamén no mes de xuño.

O CRITERIO DE CUALIFICACIÓN será a realización das probas escritas das avaliacións suspensas que ponderan un 50% da nota de cada avaliación, mantendo as notas obtidas nos outros bloques (se quere conservar as cualificacións) ou realizando a proba práctica (35%) e a tarefa de investigación (10%). A nota final será obtida da media aritmética das tres avaliacións, cos resultados acadados nas recuperacións.

PARA O ALUMNADO que acade unha cualificación igual o superior a 5 nas avaliacións parciais, realizaranse actividades de apoio, reforzo e ampliación susceptibles de mellora, coa posibilidade de mellorar a súa cualificación de cara á avaliación final.

O CRITERIO DE CUALIFICACIÓN para estas actividades de reforzo, apoio e ampliación dos contidos teóricos e prácticos quedarán recollidos na nota da avaliación parcial a mellorar para facer a media aritmética de cara a Avaliación Final.

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo.

Para o alumnado con necesidades especiais (NEE) realizaranse as correspondentes adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. En 4º da ESO non hai NEE neste curso 2023-24.

No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), estableceranse as medidas de reforzo necesarias para favorecer a súa aprendizaxe. Neste curso 2023-24 hai 4 necesidades detectadas coa aplicación correspondente do seu seguinte reforzo.

O profesorado con dispoñibilidade horaria realizará tarefas de apoio en aula e codocencia, e a PT colaborará co profesorado en diferentes materias, priorizando a súa labor nas materias instrumentais.

Prestaremos especial atención ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, ofrecendo diferentes formas de organización dos espazos e tempos da clase, e metodoloxías variadas que permitan a todo o alumnado seguir as explicacións e actividades propostas.

O obxectivo fundamental é asegurar a normalización, inclusión e non-discriminación deste alumnado coa fin de que poida acceder a unha educación de calidade con igualdade de condicións.

Para garantir un apoio adecuado a este alumnado é fundamental establecer canles de colaboración entre o diverso

profesorado que intervén na súa educación, e organizar os recursos persoais e materiais do centro coa fin de desenvolver actividades encamiñadas á inserción e promoción.

Estudiaranse as circunstancias concretas de cada caso, con especial atención ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, tendo en conta os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe, establecendo as liñas educativas a seguirme garantindo así os apoios necesarios. Para elo, a función da coordinación entre docentes, alumnado e familias é fundamental a través da titoría.

Ademáis de realizar as adaptacións curriculares, haberá medidas organizativas ofrecendo entre outros, programas de reforzo ademáis de medidas de apoio personalizado para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, e para aqueles que permanezan un ano máis no mesmo curso, coa fin de permitir a todo o alumnado o desenvolvemento das competencias clave previsto no perfil de saída e a consecución dos obxectivos xerais da educación secundaria obrigatoria, así como alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais. Con todo, para a atención á diversidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria estarase ao disposto na lexislación vixente na Comunidade Autónoma de Galicia.

Algunhas posibles ferramentas para organizar a atención á diversidade serían:

1. Organizar ao alumnado en diferentes agrupamentos nas actividades segundo os seus intereses e motivacións.
2. Utilizar materiais variados en ditas actividades: escritos, audiovisuais, etc.
3. Aplicar diversas técnicas e metodoloxías para explicar un mesmo contido.
4. Manter o contacto permanente con este alumnado a través de entrevista persoal e titorías coas familias para saber que parte da asignatura cóstalles máis seguir.
5. Ofrecerlle tempo extra para asimilar as explicacións (por exemplo algún recreo a semana para consultar dúbidas) e para resolver probas específicas.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Creatividade	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos		X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual					X			

	UD 9	UD 10	UD 11
ET.1 - Comprensión lectora	X		
ET.2 - Creatividade	X	X	X
ET.3 - Autonomía	X	X	X
ET.4 - Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial	X	X	X
ET.5 - Igualdade entre sexos	X	X	
ET.6 - Consumo responsable: fomento do espírito crítico	X	X	
ET.7 - Respeto mutuo: educación emocional e en valores	X	X	X
ET.8 - Expresión oral e escrita	X		
ET.9 - Competencia dixital e comunicación audiovisual	X	X	X

Observacións:

- Comprensión lectora: Traballarase principalmente nas unidades 1-9 a través dos textos para analizar aprender os contidos teóricos.
- Creatividade: traballarase en todas as unidades a través da interpretación musical e dancística, a creación e uso de tecnoloxías, creación de letras, improvisación...
- Autonomía: traballarase en todas as unidades a través de actividades de improvisación, creación de contidos e proxectos propios tanto a nivel individual como grupal.
- Traballo en equipo, emprendemento social e empresarial en todas as unidades. Actividades que implican creación e interpretación de proxectos grupais.
- Igualdade entre sexos: unidades 2-10. Utilización de obras de diversos estilos e épocas compostas tanto por homes como por mulleres, fomentando especialmente o repertorio composto por mulleres e intérpretes femininas.
- Consumo responsable: fomento do espírito crítico. Unidades 1-9. A través da comprensión dos elementos que conforman a música e dos distintos estilos e xéneros musicais o alumnado conformará unha opinión obxectiva e crítica e isto contribuirá a fomentar un consumo musical responsable .
- Respeto mutuo: educación emocional e en valores. Todas as unidades. Actividades musicais grupais nas que é primordial respectar as producións musicais dos demais e axudarse mutuamente para conseguir un son de conxunto.
- Expresión oral e escrita: unidades 1-9. A través da redacción de textos explicativos da análise de audicións ou partituras, traballos de investigación e de exposición oral.
- Competencia dixital e comunicación audiovisual: unidades 5, 9, 10 e 11 a través da creación de proxectos audiovisuais con ferramentas dixitais, gravación e edición de eventos musicais que engloben non só música e danza, senón tamén propostas audiovisuais que as acompañen, creando así unha performance global. Coa edición de partituras.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Actuacións e concertos do alumnado en Santa Cecilia e Fin de Curso	As pezas musicais, dancísticas ou escénicas traballadas ao longo do curso interpretaranse en público en Nadal, nas datas de conmemoracións, ou a final de curso. Tanto no Centro como noutros espazos (salóns de actos, auditorios) do concello ou de asociacións culturais. etc	X		X
Asistencia como público a concertos didácticos	Propiciarase a asistencia do grupo a concerto/s didáctico/s tanto no Centro como fóra, para poñer en práctica as normas de comportamento aprendidas na clase, así como vivir a experiencia de escoitar música en directo		X	

Observacións:

É de suma relevancia para a formación musical do alumnado a súa vivencia como músico ou artista. A interpretación pública é o canle máis idóneo para acadar ese obxectivo, tanto a partir da interpretación no propio centro educativo como noutros espazos abertos ao público xeral.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Ben ou acadado / Mal ou Non acadado / Regular ou Mellorable
Medidas de atención á diversidade
Ben ou acadado / Mal ou Non acadado / Regular ou Mellorable
Clima de traballo na aula
Ben ou acadado / Mal ou Non acadado / Regular ou Mellorable

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo observemos os procedementos que funcionan e os que non. Debe revisarse cada ano coa fin de adaptala mellor á realidade das aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralala, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente a información necesaria para reformala. O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do Departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que debería incluír unha valoración/avaliación dos estudantes, do seu propio proceso de ensino-aprendizaxe, que pode realizarse a través dun cuestionario ou unha entrevista con cada alumno a final e curso. Algúns dos ítems a contemplar para avaliar a propia programación e a práctica docente mediante rúbrica son os seguintes:

- Comprobación dos obxectivos propostos: valorar se estes se adaptan ao curso; se se poden acadar coas unidades

propostas, así como a porcentaxe de alumnado que consegue ditos obxectivos, etc.

- Idoneidade das unidades didácticas propostas: se hai correlación entre obxectivos, contidos e criterios de cualificación nestas, a corrección da temporalización e se contribúen realmente a acadar as competencias clave.

- Utilidade dos materiais didácticos empregados: comprobar se o alumnado os entende, se son variados, se están adaptados para o alumnado con necesidades educativas específicas e de apoio educativo, se inclúen TIC, etc.

- Valoración dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación: se son adecuados e precisos, se os instrumentos de avaliación inclúen métodos cualitativos e cuantitativos, se se inclúen procedementos de recuperación, etc.

- Grao de implicación dos estudantes no proceso de ensino-aprendizaxe: se coñecen os obxectivos propostos, se o repertorio e actividades lles parecen adecuados, se coñecen os criterios de avaliación e cualificación, etc.

Tido en conta o anterior, elaboración de propostas de mellora.

Os ítems anteriores avaliaranse mediante os indicadores seguintes: ben ou acadado, mal ou non acadado e regular ou mellorable no caso de que sexa acadado, pero que se poida revisar e mellorar.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Para o seguimento da programación, avaliación e propostas de mellora utilizaremos unha táboa de indicadores considerando os ítems expostos no punto anterior: "avaliación do proceso de ensino e práctica docente" , valorando para cada un deses ítems o grao de consecución e facendo propostas de mellora naqueles puntos que se observen carencias. Así o procedemento de seguimento e avaliación da programación e da práctica docente farase mediante táboas de indicadores, ficha con preguntas a cubrir polo alumnado e entrevista persoal co alumnado.

A partir da análise dos datos extraídos destes procedementos de seguimento, faranse as correspondentes propostas de mellora.

Dito seguimento farase mensual e trimestralmente acordando en reunión de departamento os cambios a introducir na programación a través da aplicación proens en cada trimestre e a final de curso de cara ao ano seguinte.

9. Outros apartados